



ANUNCIO

OBRA: PAS 2015: "MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA FROUXEIRA E OUTROS".

ASUNTO:

RECONTO, ADMISIÓN E REXEITAMENTO DE PROPOSIÇÕES PRESENTADAS NA LICITACIÓN RESULTADO CUALIFICACIÓN SOBRE "A".- DOCUMENTACIÓN

Con data 11 de xaneiro de 2017, constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das proposicións, na que se procedeu ao reconto das proposicións presentadas (con admisión e rexeitamento de proposicións) e á cualificación da documentación administrativa (sobre A), e eleva proposta ao órgano de contratación (Xunta de goberno local).

A Xunta de goberno local en sesión do 19.01.17, aproba a proposta da Mesa de Contratación, **acordando:**

PRIMEIRO.- ADMITIR NA LICITACIÓN ás empresas que se expresan, que presentaron todas elas a declaración simplificada conforme se sinala no punto 12.1.2 dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación:

- .- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A
- .- Umrer, S.L.
- .- Grupo Eulen, S.A.
- .- Excomel, Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- .- HPC Ibérica, S.A.
- .- Construcciones Lemos Martínez, S.L.
- .- Hordescón, S.L.
- .- Jardinería Arce, S.L.
- .- Lappset España VR S.L.
- .- Galitec, Desarrollos tecnológicos, S.L.
- .- Gonnaba, S.L.- Construcciones y Reformas.
- .- Excavaciones Saavedra y López, S.L.
- .- Jardincelas, S.L.

SEGUNDO.- REXEITAR DA LICITACIÓN ás empresas que se expresan e pola causa indicada.:

- .- Oziona Soluciones de entretenimiento, S.L.
- .- Calfensa Proyectos, S.L.
- .- Globalia, Urbanismo Integral, S.L.



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

Porque enviaron as súas proposicións por correo, xustificando mediante pegatina no sobre o resguardo da data de imposición de envío na oficina de Correos o 28/11/16, último día de entrega das ofertas, **omitindo** anunciar ao órgano de contratatación a remisión da oferta (mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. As ofertas recibense nas oficinas municipais con rexistro data 29/11/16.

A empresa:

.- José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A.

Enviou a súa proposición por correo con entrada e rexistro nas oficinas municipais en data 29/11/16; sen que conste resguardo da data de imposición de envío na oficina de Correos nen anuncio ao órgano de contratatación da remisión da oferta (mediante fax, telegrama ou correo electrónico) dentro do prazo que ten o seu remate o 28/11/16.

En base ao artigo 80.4 do RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral de contratos das Administracións Públicas e artigo 11.A.2.) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen para esta contratación, que expresan que sen a concorrencia de ambos os dous requisitos (*resguardo da data de imposición de envío na oficina de Correos e anuncio ao órgano de contratación da remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día*) non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado,

Consideranse as empresas citadas rexeitadas, por presentar a súa oferta fóra de prazo.

TERCEIRO.- Formalizar anuncio co resultado do acordado no perfil do contratante e taboleiro edictal da Casa do Concello, con notificación individual ás empresas que se rexeitaron do proceso de licitación, para o seu coñecemento e efectos.

Valdoviño, 20 de xaneiro de 2017

O Alcalde/Presidente da Mesa

Asdo.. Alberto González Fernández

